



A. Fraguas Fraguas: Santiago de Compostela, Madrid, 1957, e La Puerta Santa, 1994 (1ª. ed. Revista de Etnografía, vol. XV, Porto, 1970)



### **Xosé Ramón Fandiño Veiga**

Editor, licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC, foi redactor e director da *Gran Enciclopedia Gallega* e colaborador de Isaac Díaz Pardo no Instituto Galego da Información. Premio de Xornalismo V Centenario da Universidade de Santiago. Presidente da Fundación do Pedrón de Ouro e membro do Padroado do Museo do Pobo Galego.

# A Compostela de don Antonio Fraguas,

«*Por Xelmírez áurea,  
por Fonseca sabia  
e pol-o Apóstolo Santa*»



Xosé Ramón Fandiño Veiga

## 1. Estudos universitarios

No momento mesmo do pasamento de don Antonio Fraguas (5.11.1999), o Concello de Santiago emitiu unha declaración institucional na que dicía que “co pasamento de quen era fillo adoptivo e Medalla de Ouro desta súa cidade, Santiago ten unha débeda impagable con D. Antonio Fraguas, que foi non só un dos impulsores do Museo do Pobo Galego, que hoxe é un orgullo para a nosa cidade e para toda Galicia, senón o autor dalgunha das páxinas máis fermosas escritas sobre Compostela, á que transitou e desentrañou como poucos”.

Antonio Fraguas chegou á estación de ferrocarril de Cornes en 1924 para instalarse en Santiago e cursar a carreira de Filosofía e Letras. E Compostela foi a cidade coa que se identificou e na que viviu practi-

camente o resto da súa vida. E tal foi a súa compenetración con Santiago que “Por Xelmírez áurea, por Fonseca sabia e pol-o Apóstolo Santa”, foi o lema co que participou nos *Juegos Florales* de Santiago de Compostela, organizados polo Círculo Mercantil e Industrial, presentando o traballo “Del nacer al morir, o la vida y sus problemas según el saber popular”<sup>1</sup>.

Atrás quedaba a freguesía natal de Loureiro de Cotobade e o “Instituto General Técnico” de Pontevedra no que cursou o bacharelato. O de completar estudos superiores foi cousa do mestre que lle pediu a seu pai que non o levase para Brasil e lle dese unha carreiriña: “Meu pai aceptou de mala gana porque quería verme de maquinista de ferrocarril en Brasil, que era entón algo así como agora un comandante de voo, que vai hoxe a Londres ou mañá a América

e, carai, ir así pola noite e acertar co sitio, é moito”<sup>2</sup>.

En 1924 a rúa do Hórreo era a máis flamante de Santiago porque contaba con modernas construcións e porque a pechaba o grande edificio da Escola de Veterinaria. E no Hórreo atopou acomodo Antonio Fraguas, nunha pousada no nº 24, aínda que pronto se trasladou para a rúa de San Paio, diante mesmo da “Borriquita de Belén”.

Se para Valle Inclán Santiago de Compostela é unha cidade inmovilizada nun soño de granito, unha rosa mística de pedra, para Fraguas “Compostela é unha cidade que imos construíndo na vida día a día. Cada monumento, cada rúa, manifesta ó visitante o seu señorío. A pedra prés-talle esa singular nobreza. É fácil ver nalgunha parede unha pedra para

1. Clodio González Pérez, “Antonio Fraguas Fraguas. Vida e obra”, en *Antonio Fraguas Fraguas (1905 – 1999)*, Museo do Pobo Galego, 2006.  
2. Santiago Romero e X. M. Pereiro, “Aldeanus igitur”, en *La voz de Galicia*, 20 de marzo de 1994.

un escudo, pero quedou así como algo que por si mesmo faise gracioso brasón de cidadanía. A voz das campás de Santiago informa das horas nas noites silenciosas a varias leguas de distancia, e cando a súa voz garda relixioso silencio soa a carraca, que un histórico día puxo en fuga ós napoleónicos soldados que se divertían vivaqueando nos claustros catedralicios”<sup>3</sup>.

A antiga Facultade de Artes (dividida a partir de 1845 en Ciencias e Letras) dispoñía en Santiago de 2 cursos preparatorios que, unha vez superados, permitían seguir as carreiras de Dereito e de Medicina ou Farmacia, pero en 1920, sendo Ministro de Fomento o compostelán Luís Rodríguez de Viguri, deuse paso á creación das Facultades de Filosofía e Letras e Ciencias coa especialización de Historia na de Filosofía e Letras e de Química na de Ciencias. Polo tanto, cando Fraguas se matriculou en Santiago xa o puido facer en Filosofía e Letras, que culminou como licenciado na especialidade de Historia. Deste xeito, a Universidade de Santiago pasaba a estar constituída por 5 facultades completas: Dereito, Medicina, Farmacia, Filosofía e Letras e Ciencias. Isto supuxo a incorporación ao claustro compostelán dunha nova xeración de profesores, formados algúns no estranxeiro con bolsas da Junta de Ampliación de Estudios

(JAE), o incremento da matriculación, o inicio do asociacionismo estudantil, a incorporación feminina e a posta en marcha do proxecto da Residencia Universitaria.



Co fraternal amigo Sebastián González García-Paz  
(Santiago de Compostela, c. 1930)  
[MPG: Fondo "A. Fraguas"]

Don Antonio chegou a Santiago o 30 de setembro e o primeiro de outubro foi á Universidade á inauguración do curso que se celebraba no Paraninfo nun acto no que pronunciaba o discurso de apertura o catedrático de Física Xeral da Facultade de Ciencias, Mariano Álvarez Zurimendi sobre *Iniciación radioelétrica*. Era Reitor o catedrático de medicina Luís Blanco Rivero, arcebispo o poeta galeguista Manuel Lago

González e alcalde X. Díaz-Varela Losada, un avogado de procedencia fidalga que exerceu o cargo durante case todo o período da Ditadura de Primo de Rivera. A súa Facultade

estaba situada no edificio que hoxe é Facultade de Xeografía e Historia e tivo como compañeiros máis achegados a Luís Brey, curmán de Fermin Bouza Brey, Dictinio del Castillo Elejabeitia, ambos poetas, e o seu fraternal amigo Sebastián González García-Paz. “Co cadro de horas e clases copiado, marchei para a pousada e despois de comer saín dar unha volta para ir coñecendo Santiago. Fun virando unha pausa da volta arredor da catedral. Pasei á Praza do Obradoiro, recollendo coa mirada os catro monumentos que cerran a praza e reparei na estatua de Montero Ríos, figura da que eu sabía o que contaban os meus familiares. Reparei nos escaparates das dúas librerías e marchei para casa”<sup>4</sup>.

Dos seus profesores don Antonio recordaba con agarimo a Ciriaco Pérez Bustamante, catedrático de Historia de España e promotor da Biblioteca América. Bustamante trouxo en 1929 a Gerardo Diego a dar 2 conferencias sobre o compositor do século XVIII, Doménico Scarlatti. Fraguas e Martínez López, levaron ao poeta a escoitar as badaladas das

3. Antonio Fraguas, “Presentación” en *Gallaecia Fulget. O Patrimonio histórico da Universidade de Santiago de Compostela*, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pax. 23.

4. Antonio Fraguas, “Presentación” en *Gallaecia Fulget. O Patrimonio histórico da Universidade de Santiago de Compostela*, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, px. 21.



12 na noite á praza das Praterías, estro do seu *Ángeles de Compostela*.

O catedrático de Literatura era Armando Cotarelo Valledor. En Madrid formou parte do tribunal que xulgou a súa tese de doutoramento sobre o Colexio e os colexiais de Fonseca. Tamén recordaba a Luís Pericot García, eminente prehistoriador procedente do Centro de Estudos Históricos, que colaborou con López Cuevillas na escavación da citania de Troña e que asentou os alicerces da nova arqueoloxía galega, ao paleógrafo Usón Sesé, Castillo Yurrita, especialista na cultura do vaso campaniforme, que nun claustro de Facultade defendeu aos irmáns Xurxo e Xaquín Lorenzo dos ataques do catedrático de Historia Antiga e Media, Carmelo Viñas Mey, tradicionalista e furibundo antigaleguista, que tanto os asediou que se viron obrigados a trasladar a matrícula á Universidade de Zaragoza.

formou parte con González García-Paz dun tribunal presidido por don Abelardo ante o que se examinaba Fermín Bouza Brey. Sebastián pediu-lle a Moralejo se o podían examinar

cóengo Xoán Pérez Millán que os levou a Sar a ver documentos orixinais de Xelmírez e a ver a igrexa e o claustro.



*Cando estaba cumprindo o servizo militar, Santiago de Compostela, 1927 ou 1928 [MPG: Fondo "A. Fraguas"]*

En 1927, acompañados por Pérez Bustamente, fixo Fraguas unha excursión a Madrid cos seus compañeiros de curso e, coincidindo coas oposicións á cátedra de Latín da Universidade de Santiago, don Ciriaco levounos a saudar a Abelardo Moralejo, que as acababa de gañar. "Por ser o máis vello mandoume ir diante e fun o primeiro alumno da Facultade que o saudou"<sup>5</sup>. E tamén conta don Antonio que sendo xa profesor auxiliar da Facultade

en lingua galega, ao que contestou afirmativamente. "Aquel serán celebrouse o primeiro exame en galego na Universidade de Santiago, por moitos anos o único. E tamén pronunciei unha conferencia na aula número 1 en galego"<sup>6</sup>. Tamén lle deron clase o crego Calixto García Seoane, "gran latinista e arqueólogo", pero tan petulante que por todo Santiago se dicía que don Calixto "es el hombre más listo que el mundo ha visto después de Cristo". E o

Luís Cuesta Gutiérrez foi a primeira profesora da USC, que pertencía por oposición ao corpo de bibliotecarios e arquivistas e levou aos seus alumnos aos arquivos e á biblioteca, da que era director Xosé María Bustamante. "Eu axudei na catalogación e o Reitor mandou que polo meu traballo me pagasen 500 pesetas, que me viñeron moi ben".

No ano que Fraguas se incorpora á Facultade como alumno oficial (1924), Victoria Díaz Rivas foi a primeira muller que obtiña a licenciatura en Filosofía e Letras en Santiago. Condiscípulas de Fraguas foron Carmen García Amo, Carmela Rey Martínez e María Pura Lorenzana.

Tamén en Santiago, entre 1927 e 1928, sen abando-

nar os estudos e asistindo algunha tarde ás sesións do Seminario, realizou o servizo militar obrigatorio da época no cuartel de artillería de Santa Isabel, que ao finalizar a Guerra Civil española funcionou como prisión central na que moitos presos atoparon a súa morte entre aqueles ateigados e insalubres muros.

Ao tempo de rematar a carreira don Antonio, coincidindo cos últimos momentos da Ditadura de Primo de

5. Id. Px. 23.  
6. Id. Pax. 23

Rivera, os universitarios santiagueses refugaban da simboloxía troiana e comezaban a organizarse e mobilizarse arredor do movemento da Federación Universitaria Española (FUE), que serviron de estímulo ao ideario republicano, e as súas mobilizacións forzaron a dimisión do reitor Blanco Rivero e a chegada ao reitorado do profesor Rodríguez Cadarso, "que contaba co apoio dos estudantes polo seu liberalismo e polo labor realizado a prol da Residencia de Estudiantes"<sup>7</sup>. Como membros máis destacados da FUE figuraban: Jaime Concheiro, Xoán Xesús González, Laureano Santiso Girón, José Caamaño, Luís Seoane, Carballo Calero, Fernández del Riego, Carlos Martínez-Barbeito...

## 2. Seminario de Estudos Galegos e Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento

Ao chegar a Santiago, o estudante universitario Fraguas Fraguas tomou contacto co *Seminario de Estudos Galegos*, do que foi admitido como socio activo en 1927 e no que ingresou en novembro de 1928 coa presentación dun traballo sobre o Castro de Soutolongo (Lalín). Pertence Fraguas á que Lois Tobío chamaba a segunda promoción do Seminario, formada por "tres estudantes que viñan da banda de Pontevedra: Sebastián González García-Paz, Antón Fraguas e Alfonso Vázquez Martínez; dous que viñan de Ourense: Xaquín e Xurxo Lorenzo; e un que viña de Ferrol, Ricardo Carballo Calero. Todos eles eran alumnos da

Facultade de Filosofía e Letras, sección de Historia, e todos chegarían a integrarse estreitamente co Seminario e o seu espírito pola actitude intelectual, métodos de traballo e devoción a Galicia"<sup>8</sup>. Primeiro como estudante e socio activo do Seminario de Estudos Galegos e despois como profesor (Instituto de Segunda Ensinanza e profesor auxiliar temporal de Historia, Xeografía, Numismática e Epigrafía na Facultade de Filosofía e Letras e tamén na Academia Xelmírez, na que compartiu claustro con Camilo Díaz Baliño, profesor de Debuxo e director técnico), don Antonio adoptou como súa a cidade de Santiago, na que viviu o resto da súa vida, agás 3 anos de profesor no Instituto da Estrada e 19 no de Lugo.

Con tan intensa actividade como estudante, investigador do SEG e como profesor é fácil imaxinar a don Antonio deambulando co seu ritmo acompasado entre a Praza da Universidade (Facultade de Filosofía e Letras), Mazarelos (Instituto) e Colexio de Sanclemente ou Fonseca (sedes do SEG). Pouco tempo lle quedaba para os parladoiros do Quiqui Bar, do Derby, do Casino ou para as veladas do Círculo Mercantil ou da Liga de Amigos, máis proclive sería, seguramente, dada a súa profunda relixiosidade, a participar nas actividades das asociacións ou confrarías relixiosas tan abundantes en Santiago. A onde asistía con certa frecuencia era aos espectáculos do Teatro Principal. Consta que no ano da súa chegada a Santiago (1924) asistiu á estrea do "conto dramático" *Lubicán*, do seu profesor Cotarelo Valledor, con Fermín Bouza Brey no

elenco de actores. E a moitas outras representación teatrais tería asistido don Antonio, atraído polas escenografías do seu amigo Camilo Díaz Baliño. Todas as experiencias que se fixeron de teatro galego daqueles anos teñen pasado polo Principal, onde tamén se proxectaban películas mudas que eran amenizadas, no comezo e nos entreactos, pola orquestra Brage. E polo ano 32 don Antonio asistiu a algunha das primeiras películas sonoras que chegaron a Santiago: *Asfalto*, *Baixo os teitos de París* ou *A arca de Noé*. E no Principal tamén se celebraban actos académicos organizados pola Universidade. O Teatro Principal era o foro no que transcorrían as cousas máis importantes da vida compostelá.

E como espectador predeulle a don Antonio a afección ao teatro porque sendo profesor na Estrada dirixiu a posta en escena da comedia do autor andaluz Luis Manzano Mancebo, *Tu y yo, solos*.

Por onde era frecuente ver a Antonio Fraguas era pola rúa das Hortas abaixo, camiño da casa de Camilo Díaz Baliño, que foi onde foi recibido como membro das Irmandades da Fala nunha cerimonia case ritual na que estaban Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas. Fraguas foi testemuña directa do entusiasmo popular pola instauración da República en Santiago e participou o propio 14 de abril de 1931 nos actos organizados polo Centro Republicano nos que no Pazo Consistorial se proclamou a República. Sen unha clara vocación política, pero cunha gran fidelidade ao ideario galeguis-

7. Antón Capelán Rey. *Contra a Casa da Troia*, Edicións Laivento, 1994, pág.33.

8. Lois Tobío: *As décadas de T.L.*, Edicións do Castro. Serie Documentos, 1994.



Con algúns alumnos da Academia "Menéndez Pelayo", c. 1940 [MPG: Fondo "A. Fraguas"]

ta no que se iniciou en Pontevedra e que se afirmou en Compostela, don Antonio afiliouse en Santiago ás Irmandades da Fala, en 1931, foi un dos asinantes do Manifesto de Esquerda Galeguista e foi fundador do Partido Galeguista.

En 1932, o mesmo ano que contraeu matrimonio en Valga con Teresa Martínez Magariños, coa que estableceu o seu domicilio en Santiago, participou Antonio Fraguas na Asemblea de Municipios celebrada o 17 de decembro na Facultade de Medicina e na creación da primeira emisora de radio de Galicia promovida pola Liga Compostelana Pro-Estatuto, co alcalde Raimundo López

Pol á cabeza. A emisora, EAJ4 Unión Radio Galicia, instalouse en San Domingos de Bonaval e tiña como locutores habituais a Antonio Fraguas, Manuel Beiras, Ramón de Valenzuela e Xosé Mosquera Pérez, o popular *Vello dos contos*: "Recordo que cando se inaugurou, alá polo 32, fallou a máquina e o enxeñeiro mandou probar un texto. Fíxeno eu, e lin un poema de Bouza Brey en galego. Foi o primeiro que saíu ao ar".<sup>9</sup>

Como consecuencia do levantamento militar de 1936, don Antonio foi suspendido de emprego e soldo no Instituto da Estrada e tras unha pequena etapa escondido na súa

aldea natal regresou a Compostela para ver como ía caendo en anacos a República e a desmembración do SEG. Pasou de ser un brillante profesor e investigador a un represaliado baixo sospeita. Soportou con enteiraza todo o que lle aconteceu, aínda que non era fácil ensimesmarse e vivir unha especie de exilio interior nunha cidade que marchaba ao paso que lle marcaban os militares e os falanxistas. Sen embargo, non se deixou abater polas circunstancias e decidiu dedicarse ao ensino privado para o que en 1938 fundou co crego Ramón Davila García a Academia Menéndez Pelayo, situada primeiro na rúa da Troia e, despois, na Algalia de Abaixo.

9. Santiago Romero e X.M. Pereiro, "Aldeanus igitur", en *La voz de Galicia*, 20 de marzo de 1994.

Compaxinándoo cos seus labores docentes e cos seus proxectos de investigación, en 1946 integrouse como membro moi activo no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS) como bibliotecario. Colaborou asiduamente nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* que o Sarmiento publicaba trimestralmente: "Nas súas páxinas aparecerá parte notable do seu quefacer publicístico. A temática das súas colaboracións vai desde artigos de traza histórica, arqueolóxica ou biográfica ate os de contido etnográfico, con algún sobranceiro dentro da súa produción"<sup>10</sup>.

O IEGPS xurdiu da idea de substituír o desmantelado SEG, na que xogou un papel fundamental Francisco Javier Sánchez Cantón, que logrou crear esta institución integrada no Consello Superior de Investigacións Científicas e no que se integraron os vellos membros do SEG que sobreviviran á barbarie fascista. Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas mostraron as súas reticencias, pero terminaron integrándose. E Castelao referiuse ao IEGPS na súa monumental obra *As cruces de Pedra na Galiza*, editada en Bos Aires polo Seminario de Estudos Galegos no exilio en 1950: "Este libro non foi feito para quenes maldefenderon o Seminario de Estudos Galegos, nin

para os que o suplantaron, pondo a nosa cultura nas fauces dun estado devorador".



*Co arcebispo - cardeal Quiroga Palacios e F. Cordero Carrete, na exposición do traxe galego celebrada no Instituto "P. Sarmiento" de Estudos Gallegos en 1969*  
[MPG: Fondo "A. Fraguas"]

Tras aprobar as oposicións a catedrático numerario de Xeografía e Historia, foi destinado ao Instituto masculino de Lugo, onde residiu desde 1950 a 1959, pero sen romper os vínculos afectivos e culturais con Santiago, pois seguía mantendo aberta a súa casa da rúa do Franco, na que morreu súanai, soterrada no cemiterio de San

Domingos de Bonaval, e colaborando no IEGPS.

Tampouco se desvinculou en Lugo dos círculos católicos de Santiago. Foi vicepresidente da Arquiconfraría do Apóstolo Santiago e, en 1955, ao crearse o *Centro de Estudios Xacobeos* e a revista *Compostellanum* como órgano, o cardeal Quiroga Palacios nomeouno xefe da sección de Historia Moderna e Contemporánea. "Oficialmente, un e outra tiñan por única misión o estudo do fenómeno xacobeo, pero na práctica foi máis alá, non só pola diversidade de asuntos que acabaron sendo tratados, senón porque o centro conseguiu agrupar, á parte de eclesiásticos como Guerra Campos, Portela Pazos e máis tarde Barreiro Fernández, Silva Costoya ou García Oro, a un selecto grupo de segrares como Antón Fraguas, Moreno Báez ou a Manuel Díaz. Tendíase

así unha ponte intelectual coas dúas institucións principais da cidade neste ámbito: a Universidade e o Instituto P. Sarmiento"<sup>11</sup>.

Tamén por invitación do cardeal Quiroga, en 1959 impartiu un curso de verán de Xeografía de Galicia no Seminario de San Martiño Pinario. E tanta foi a relación e a admiración

10. Carlos García Martínez, "Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos" en *Antonio Fraguas Fraguas (1905 – 1999)*, Museo do Pobo Galego, 2006.

11. Justo Beramendi, "Da ditadura á democracia", en *Historia da cidade de Santiago de Compostela*, Concello de Santiago, Consorcio de Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 2003.



*Coa esposa, Teresa Martínez Magariños, unha cuñada e dúas sobriñas, c. 1935*  
[MPG: Fondo "A. Fraguas"]

que sentiu polo cardeal que foi don Antonio, por expreso desexo seu, o colaborador que redactou a biografía de don Fernando Quiroga Palacios na *Gran Enciclopedia Gallega*, unha prolxa reseña na que destaca a súa galeguidade e que lle abrise o camiño á lingua galega para ser utilizada na liturxia.

### **3. Retorno a Santiago como catedrático de Xeografía e Historia**

Por concurso de traslado, en 1959 don Antonio ve cumprida súa aspiración de retornar a Santiago e faíno como catedrático de Xeografía e

Historia do Instituto feminino (Rosalía de Castro), cargo que compatibilizou co de profesor encargado de curso de Xeografía de España e Universal, Xeografía de Francia e Países Anglosaxóns na Facultade de Filosofía e Letras. No Rosalía foi Xefe de Estudos ata a súa xubilación e formaba parte dos tribunais de revalidas elemental e superior, das probas de madurez do curso preuniversitario e, o que máis lle gustaba, dos de exame de ingreso: "O que pasa é que agora xa non hai exames orais. O primeiro que se perdeu foi precisamente o exame de ingreso. Porque o exame oral de ingreso daba unha chea de cousas: aos coñecementos que pode ter o alumno e, ao mesmo tem-

po, o que pode aprender el naquel momento porque un exame oral non é só examinar, é aprender tamén. E se suprimimos o exame, suprimimos esa lección maxistral que é poder dar ao rapaz unha posibilidade de que se decate incluso de que onde el pon os pés, en Galicia, hai unha Historia, hai unha Xeografía, hai un vento que pasa. É saber, por exemplo, se se oe mellor o tren nun sitio ou noutro, é saber se o vento vén norte, sur, leste ou oeste. É dicir, que é o exame, cando se fai ben, unha manifestación arredor dun lugar que se coñece"<sup>12</sup>.

O regreso a Santiago permitiulle vincularse de novo ao IEGPS como bibliotecario, secretario e director

12. Xosé Ramón Fandiño, "Entrevista a Antonio Fraguas, Director do Museo do Pobo Galego e Cronista Oficial do Reino de Galicia", en *A Folla. Revista Sociocultural do Saviñao*, nº 5. Escarón, 1992.



da sección de Etnografía e Folklore. E tamén participou nas actividades divulgadoras do Instituto que complementaban o traballo de investigación. Así, é de sinalar a súa participación nas exposicións que tiñan lugar no mes de xullo, polas festas do Apóstolo, no baixo do edificio que ocupaba o Sarmiento entre os colexios de Fonseca e de San Xerome; *La venera* (1965); *El traje regional gallego* (1969), *Seminario de Estudios Gallegos* (1973), *Castelao e os estudos galegos. 25 anos despois do seu pasamento* (1975).

Conta Carlos García Martínez, que daquela era bolseiro de investigación do IEGPS, que na biblioteca do Sarmiento “don Antonio nos agasalaba, conversador brillante e ameno que era, coa súa palabra diáfana e a súa capacidade para recrear vivencias e coñecementos, que empataban coa ricaz tradición da nosa narrativa oral, e era toda unha regalía escoitalo en tantos saberes.”<sup>13</sup>.

A figura humana de don Antonio resultaba inconfundible en Compostela, sempre cuberto coa boina, que era a característica máis destacada do seu aspecto externo. Acudía diariamente a visitar na catedral “ao meu compañeiro Santiago Apóstolo”. Frequentaba a librería-portal de Eduardo Hernández, na rúa do Vilar, onde ao mesmo tempo que procuraba libros relacionados con Galicia, prodigaba leccións de bibliografía. Era corrente velo atravesar a praza da Quintana para asistir ás reunións da Arquiconfraría do Apóstolo Santiago, polo Obradoiro, dirixíndose ao Consello da Cultura Galega,

do que era coordinador da ponencia de Antropoloxía, pola rúa Salvador Parga para cumprir os seus compromisos como bibliotecario da Real Sociedade Económica de Amigos do País e pola rúa Nova dirixirse, coa carteira nunha man e o caxato noutra, á oficina de redacción da *Gran Enciclopedia Gallega*, da que era xefe da sección de Etnografía, a entregar as voces que se lle encargaban. E tan identificado estaba coa *Enciclopedia Gallega* que cando lle doou a súa biblioteca ao Museo do Pobo Galego, na súa casa só se quedou coa Enciclopedia como obra de consulta. E tamén coñeceu a expansión urbanística de Santiago do último terzo do século XX, pois pouco despois do seu regreso de Lugo mudou o seu domicilio da rúa do Franco ao coñecido como Ensanche compostelán, primeiro a Xeneral Pardiñas e, despois a Montero Ríos.

Ao ser vinculeiro e non ter parentes próximos, a vida familiar de don Antonio desenvolveuse arredor da da súa muller, familia abastada do concello pontevedrés de Valga, pero instalada en Compostela. Irmáns de dona Teresa Martínez Magariños eran Lola, Filomena e Ramón (coñecido en Santiago por xerenciar a tinturería Moderna da rúa da Fonte de Santo Antonio), solteiros, que vivían na Avenida Figueroa, Xusto (o farmacéutico das Cinco Calles) e Manuela, avoa do pintor Xosé Ramón Morquecho. Os sobriños máis achegados eran Xusto, José Carlos, Avelino, Lourdes e Helena, que foi a que se ocupou de coidar a don Antonio, xa viúvo, nos seus últimos anos.

#### 4. Museo Municipal de Santiago e Museo do Pobo Galego

Outro labor no que puxo gran empeño don Antonio foi no Museo Municipal de Santiago, do que foi nomeado director en 1973. Crear en Santiago un Museo Municipal era unha vella arela iniciada en 1887 por Villaamil y Castro<sup>14</sup>, idea que se retomou durante a Exposición Regional Gallega de 1909, pero que non se levou a cabo ata ser suprimido o Hospicio no antigo convento de San Domingos de Bonaval, e quedar libres unhas dependencias nas que, o 29 de decembro de 1963 se inaugurou o Museo Municipal de Santiago, que contaba entre os seus fondos con importantes documentos do Arquivo do Hospital dos Reis Católicos e obras de Ferro Requeixo, Goya, Fernández Erosa, de la Torre Mirón, a doazón da familia dos pintores Concha Vázquez e López Garabal e do escultor Francisco Asorey, Villafinez, Mayer Viña, Camilo Otero, Gamallo Fierros...

Pero ningún anhelos podía satisfacer tanto a don Antonio como a posta en marcha do Museo do Pobo Galego por ser continuador do espírito do museo etnográfico que o SEG instalara no salón artesoadado de Fonseca. E a esta nova iniciativa de estudar e preservar o patrimonio cultural de Galicia dedicouse don Antonio con intensidade desde a súa fundación (1977) ata o seu pasamento, tanto como director como presidente do Padroado.

Arredado, consciente e voluntariamente de toda actividade política,

13. Carlos García Martínez, “Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos” en *Antonio Fraguas Fraguas (1905 – 1999)*, Museo do Pobo Galego, 2006.

14. José Villaamil y Castro, *Memoria sobre la creación de un Museo Arqueológico en la ciudad de Santiago*, (Imprenta del Colegio Nacional de Sordo-Mudos y de Ciegos, Madrid, 1887).



Na inauguración da rúa que leva o seu nome en Santiago de Compostela, co alcalde Xerardo Estévez (16 de outubro de 1995)  
[MPG: Fondo "A. Fraguas"]

pero sen deixar de profesar en ningún momento o compromiso galeguista, en 1980 apoiou coa súa sinatura o manifesto fundacional de *Realidade Galega*, feito público en Santiago o 7 de marzo, que proclamaba o seu intento de "elaborar e difundir un pensamento común e clarificador sobre a autonomía e os seus aspectos fundamentais"<sup>15</sup>. Ademais de Fraguas, entre os seus firmantes figuraban os clásicos galeguistas García-Sabell, Ramón Piñeiro, Paz Andrade, Fernández Albor, Fernández del Riego, Carlos Casares, Barreiro Fernández, etc.

Don Antonio Fraguas Fraguas, fillo adoptivo de Santiago desde 1984, adentrouse polos vieiros da saudade o 5 de novembro de 1999 en Santiago. Os seus restos repousan, ¿onde senón?, no cemiterio de Boisaca ao carón mesmo de Aurelio Aguirre, Valle Inclán e Isaac Díaz Pardo. Na súa campa unha lousa de pedra e unha breve inscrición: "Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999". Nada máis porque os epitafios podían ser tan infinitos, que eu os resumiría así: "Antonio Fraguas, unha torre de ética por riba de todo con Galicia sempre no horizonte".

15. "Por alí (pola Academia Menéndez Pelayo) deixábase caer con frecuencia a policía... e tamén Ramón Piñeiro, que andaba coas cousas do galeguismo clandestino. Eu dicíalle xa, xa, pero non podía meterme neses líos. Agora hai que olvidar todas esas cousas... e a min paréceme ben todo o que se faga por Galicia. Fágao quen o faga...". Santiago Romero e X.M. Pereiro, "Aldeanus igitur", en *La voz de Galicia*, 20 de marzo de 1994.